

ORDENANZA FISCAL N-059 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º.- Fundamento e réxime.

De conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais e en uso das facultades concedidas polos artigos 85,88e 89 da citada lei en orde á fixación da cota de gravame do imposto sobre Actividades Económicas, establécese esta ordenanza fiscal, redactada conforme ao disposto no nº 2 do artigo 16 da repetida Lei.

Artigo 2º.- Cota mínima municipal e coeficiente de ponderación por cifra de negocio.

As cotas mínimas fixadas nas tarifas en vigor que foron aprobadas por Real Decreto Lexislativo do Goberno, serán incrementadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Artigo 3º.- Coeficiente de situación física.

1. As cotas das citadas tarifas incrementadas pola aplicación do coeficiente fixado no artigo anterior, serán ponderadas conforme á categoría da rúa mediante a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

<u>CATEGORÍA FISCAL DA RÚA</u>	<u>1ª</u>	<u>2ª</u>
COEFICIENTE APLICABLE	1,1852713	1,0852713

2. As cotas fixadas nas tarifas aprobadas polo Goberno, virán determinadas, en definitiva, polo produto do importe de ditas cotas polo coeficiente fixado no artigo 2º, e multiplicado a súa vez dito produto polo coeficiente correspondente á categoría da rúa onde se ubique o establecemento. No suposto de dar o establecemento a dúas rúas, o coeficiente aplicable será o correspondente á rúa que teña asignado o maior índice.

Artigo 4º.- Categoría fiscal nas rúas

Clasificación das rúas desta localidade a efectos da súa categoría fiscal para a asignación dos coeficientes a que se refire o artigo anterior.

Categoría 1ª: Rúas integradas dentro do casco histórico.

Categoría 2ª: Resto de rúas e vías do municipio.

Artigo 5º.- Bonificacións

Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.

Disposición final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi modificada no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 28 de setembro de 2019, (publicada aprobación inicial no BOP nº 252 de 03/11/2018), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 014 de 17/01/2019.